

Un dos nosos momentos máis emotivos foi cando se referiu ó billar. “Contemplamos a túa aventura humana e científica, querido Gould, como a sabia parábola que a intelixencia dun brazo divino imprimiu a bola da túa intelixencia, inclinándose sobre o feltro verde do billar da vida. Ti es unha bola, Gould, e corres entre as bandas do saber trazando a infalible traxectoria que te levará, para a nosa felicidade e consolo, a rolar docemente ata a troneira da fama e do éxito.

En voz baixa , pero con grande fachenda, meu fillo, dígoche, esta troneira ten un nome, esta troneira chámase Premio Nobel”. **De todo aquel discurso, a Gould quedoulle grabada sobre todo unha frase; es unha bola, Gould. Como se sentía, comprensiblemente, inclinado a crer nos seus profisores, fíxose a idea de que a súa vida xiraría cunha exactitude prestablecida, e despois durante anos, empeñouse en notar baixo a superficie dos seus días o lene aloumiño dun feltro verde:** e en recoñecer baixo a aparición de certas dores imprevisibles o xeométrico trauma de bandas exactas, científicamente infalibles. A desgrazada circunstancia de que estivera prohibido o acciso ós menores de idade ós salóns de billar impediulle comprobar durante demasiado tempo que, en realidade, a imaxe dourada dun billar se pode converter nunha metáfora exacta do error, nun lugar para a demostración da humana inaccesibilidade da exactitude. Unha única velada en Merrys terálle proporcionado útiles indicacións sobre a irremediable inxerencia do azar en tódalas figuras xeométricas. Baixo a luz que fumea colgada sobre tapetes verdes manchados de graxa tería visto caras nas que se ratificaba, coma en xeroglíficos, a derrota dunha ilusión, a de querer entrelazar harmonicamente intención e realidade, imaxinación e feitos.